Santiago, 10 de Agosto de 2017

Entrega de documentación de licenza por formación segundo a ORDE do 7 de xuño de 2016 pola que se convocan licenzas por formación para o curso 2016/17 destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as bases de concesión (código ED305B)

Documento: b.1.1) Unha guía didáctica (en formato PDF ou RTF) en que se expoñan os obxectivos educativos pretendidos, os aspectos curriculares en que se incida, a metodoloxía e as orientacións didácticas, as actividades que se propoñan e os recursos de avaliación para o alumnado, con mención dos medios para achegar retroalimentación ás aprendizaxes no proceso avaliativo.

Índice de contido

REA 01: Somos escritores por primeira vez....2
REA 02: Fotografía e contos. Arte e letras....8
REA 03: Proxecto Lobos....12
REA 04: Proxecto Tiburóns....17
REA 05: Correspondencia interescolar....26

Mª Teresa Neira González

Pablo Nimo Liboreiro

REA 01: Somos escritores por primeira vez.

Obxectivos específicos da secuencia didáctica

- Ser consciente dos pasos do proceso de escritura dun texto: borrador - esquema - edición do texto.
- Descubrir a utilidade da lingua escrita como medio de comunicación e desfrute.
- Avanzar na apropiación da linguaxe escrita reflexionando sobre algunha das propiedades do sistema de escritura.
- Empregar a observación como recurso fundamental para mellorar as producións plásticas.
- Ir apropiándose das propiedades dos textos literarios.
- Mellorar a competencia lingüística:escoitar, falar, ler e escribir.

Contidos específicos

- Autor (as nenas e nenos son os autores do texto final).
- Relación título - contido (deberá ser coherente co contido e en extensión).
- Estrutura (principio - nó - desenlace). Situación inicial estable + complicación + reacción + nuevo elemento perturbador + situación final + evaluación
- Fórmulas fixas (de comezo e de remate).
- Relación co real (ningunha, é froito da nosa creatividade).
- Relación imaxe - texto (as nenas e nenos serán os autores da ilustración e serán debuxos).
- Léxico (incorporaremos o léxico adquirido a través das lecturas habituais e propio dos contos).

Avaliación

A continuación ofrecemos a rúbrica completa que se ven utilizando ao longo de toda esta secuencia. Esta é unha ferramenta máis que propoñemos ao profesorado que vaia a implementar esta proposta pero non debe ser a única. Ao mesmo temo facemos unha chamamento á dignificación da profesionalidade docente facendo nosas as palabras de José Gimeno Sacristán cando di que

"mentres avaliamos non ensinamos" situando os obxectivos da avaliación por enriba dos propios obxectivos educativos. A avaliación dun xeito equilibrado no lugar que lle corresponde dentro dos procesos de ensino e aprendizaxe.

"En la evaluación de los procesos de enseñanza-aprendizaje, lo exigido al alumnado acaba concretando lo que nos importa más conseguir y, así, en las políticas educativas nos pasaría lo mismo: que acaban reduciendo la educación a lo que exigen en la evaluación del sistema. La evaluación se convierte de esa forma en la manera directa de intervenir en la mejora de la calidad y, de paso, hace de ella el instrumento para hacer política educativa. Las razones para evaluar parecen agotar lo que son las razones para educar. Esta es una de las explicaciones del auge de las evaluaciones externas: suplen a otras políticas de control del conocimiento (del currículo), de la innovación y de la formación del profesorado, al convertirse en toda una pedagogía."

José Gimeno Sacristán

CRITERIOS	3	2	1	PUNTUACIÓN
Título	Título coherente en extensión e contido co tema	Título con pouca relación co tema ou con demasiada extensión.	O título non ten relación co tema e é demasiado extenso.	
Estrutura	Define claramente o inicio, o nó e o desenlace	Define de xeito difuso o inicio, o nó e o desenlace	Non hai unha estrutura clara	
Inicio	Describe e sitúa as personaxes no espazo e o tempo no que transcorre a acción.	Non describe ou fáltalle por situar algunha das personaxes no espazo e tempo no que transcorre a acción.	Só presenta un elemento dos propostos	
Desenvolvemento	Identifícase claramente o conflito	O conflito non está claramente identificado	Non se identifica o conflito	
Desenlace	Preséntase claramente a solución ao problema	Pouca claridade na solución do problema.	Non se presenta solución ao problema	
Vocabulario	Utiliza un léxico específico de texto literario rico e variado e non repite palabras	Utiliza un léxico limitado pero non repite palabras	Utiliza un léxico limitado e repite palabras	
Uso de conectores	Utiliza polo menos cinco conectores propios dos textos narrativos	Utiliza entre tres e catro conectores propios dos textos narrativos	Utiliza menos de tres conectores propios dos textos narrativos	
Signos de puntuación	Utiliza correctamente diferentes signos de puntuación	Utiliza diferentes signos de puntuación	Non utiliza signos de puntuación	
Ortografía	A escritura das palabras é correcta	Presenta algún erro ortográfico	Presenta multitude erros ortográficos, algúns asociados á separación de palabras	
Ilustracións	As ilustracións teñen relación coas escenas do texto e aportan información complementaria.	As ilustracións teñen pouca relación coas escenas do texto e aportan pouco información complementaria	As ilustracións non teñen relación coas escenas nin aportan información complementaria	
Uso social	Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.	Valora de xeito limitado a lingua escrita como medio de comunicación e expresión e presta pouca atención ás normas de presentación establecidas.	Non valora a lingua escrita como medio de comunicación nin atende ás normas básicas de presentación establecidas.	
Traballo colaborativo	Amosa respecto ás ideas dos demais.	Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	Amosa respecto ás ideas dos e das demais, contribúe ao traballo en grupo e participa nos debates.	
			TOTAL:	

Xustificación curricular

Segundo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia xustifícase a presente secuencia didáctica para a área de Lingua e Literatura Galega.

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Actividades da secuencia
b d e	B1.7. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.	B1.7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	LGB1.7.1. Amosa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	CCL CAA CSIEE	Creación e revisión colectiva dun texto narrativo (1.2.3)

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Actividades da secuencia
b e	B2.4. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de ilustracións.	B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	CCL CAA CSC CSIEE CMCT	Lectura e análise de contos (2.1) Visualización reflexiva das ilustracións de contos escollidos por ser esta de calidade. (1.1)
a b e i	B2.7. Introdución ao uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.	B2.4. Coñecer, de forma xeral, o funcionamento da bibliotecas de aula, e de centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.	LGB2.4.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.	CCL CAA CSC	Lectura e análise de contos (2.1) Elaboración dun diario/rexistro de lecturas (1.1)
a b e	B2.8. Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal.	B2.5. Ter interese por ter unha biblioteca propia.	LGB2.5.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.	CCL CAA CSC	Lectura e análise de contos (2.1) Elaboración individual dun listado de títulos preferidos.
a	B2.10. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de	B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do	LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en	CCL	Todas as actividades da secuencia van encamiñadas a

b e m o	expresión das preferencias persoais, así como a apreciación do texto literario como recurso de gozo persoal.	seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	función dos seus gustos e preferencias. LGB2.7.2. Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras.	CSC CAA CSIEE	apreciar o texto literario como recurso de gozo persoal

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Actividades da secuencia
a b e m o	B3.1. Produción e reescritura de textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos. B3.4. Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto. B3.5. Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo ás preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).	B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.	LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións,felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos. LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. LGB3.1.3. Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación.	CCL CSIEE CAA	Reescritura dun conto (1.2) Escritura do seu primeiro texto literario. (1.2) Revisión e mellora de borradores (1.3.3, 1.3.4, 1.3.5)
b e i j	B3.8. Utilización de elementos gráficos e sinxelos como a ilustración para facilitar a comprensión.	B3.4. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.	LGB3.4.1. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.	CCL CD CSIEE	Ilustramos os contos individuais e o colectivo (1.3.6)
a b e i	B3.9. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. B3.10. Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe, como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa.	B3.5. Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	LGB3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica. LGB3.5.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	CCL CD CAA	Uso social do texto narrativo elaborado (1.3.8)

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Actividades da secuencia
e	B4.2. Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.	B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.	CCL CAA	Reescritura dun conto atendendo á concordacia de xénero e número e signos de puntuación (1.3.4). Corrección e mellora de borradores insistindo na coherencia do texto. (1.3.4 e 1.3.5)
b e	B4.3. Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.	B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.	LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas.	CCL CSC CCEC	Reescritura dun conto (1.2) Corrección e mellora de borradores insistindo na coherencia do texto. (1.3.4 e 1.3.5)

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Actividades da secuencia
b d e o	B5.1. Recreación e reescritura de diversos textos literarios sinxelos (narrativos ou poéticos): contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	B5.1. Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos.	LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	CCL CAA CCEC	Rescritura dun conto (1.2) Escritura colectiva dun conto (1.3.2) Escritura individual dun conto (1.3, 1.3.4) Lectura e análise dos valores culturais, éticos e morais que transmiten os contos (1.1) Uso social do texto literario (1.3.8)

REA 02: Fotografía e contos. Arte e letras.

Obxectivos

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de goce.
- Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos , así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara as linguas.
- Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos -literarios, expositivos, enumerativos, informativos, prescriptivos-, recoñecendo a funcionalidade e uso social destes.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar....dende as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos....
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións: fotografía, pintura, modelado, escultura, teatro, danza, música, literatura, imaxes proxectadas... e adquirindo sensibilidade estética.
- Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.
- Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC -ordenadores, internet, encerado dixital interactivo, escáner, vídeo, ...- como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

Contidos

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para adquirir coñecementos, para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións, para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a das demais persoas.
- Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e goce. Interese por explorar e coñecer algúns dos textos de uso social (texto literario) e algunha das súas propiedades -función, autoría, soporte, personaxes, relación título – contido, relación imaxe – texto, fórmulas fixas, estrutura (proposta de Adam: Situación inicial estable + complicación + reacción + novo elemento perturbador + situación final +

avaliación).

- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais -nomes propios, personaxes e títulos de contos, fórmulas fixas de inicio e remate...-. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas atendendo a propiedades cuantitativas -cantidade de letras, palabras longas e palabras curtas- e propiedades cualitativas -variedade de grafías-. Iniciación ao coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.
- Iniciación no uso da escritura en situacións contextualizadas e reais, -textos literarios- . Interese e disposición para o uso dalgunhas convencións do sistema da lingua escrita como a linealidade, a orientación e a organización do espazo, e gusto por producir mensaxes e textos cunha aproximación progresiva á escritura convencional.
- Potenciación e valoración da creatividade e a fantasía como recurso para produción de textos literarios.
- Invención e produción dos seus primeiros textos literarios en soporte papel ou dixital, amosando valoración e respecto polas producións escritas propias e as das demais compañeiras e dos demais compañeiros; dándoos a coñecer para a súa validación social.
- Escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente, de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro... tanto tradicionais como contemporáneas, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartido.
- Potenciación da súa imaxinación e fantasía para enriquecer a actividade creativa.
- Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas (fotografía) mantendo un diálogo ante a obra de arte; manifestando as emocións e sensacións que producen, as ideas que suxire, así como indicando o que gusta e o que non.
- Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas -cámara fotográfica-; desenvolvendo unha actitude crítica ante a veracidade da información que proporcionan.
- Propiedades cuantitativas e cualitativas das palabras.

Criterios de avaliación

- Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo,

iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.

- Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, iniciándose no uso do teclado para a codificación, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, goce....
- Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, ...
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais
- Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.

Indicadores de avaliación

- Escoita con atención a lectura de textos literarios.
- Amosa interese cando se introduce algún elemento artístico novo.
- Interpreta diferentes fotografías.
- Describe emocións a partir da visualización de fotografías.
- Menciona unha diferenza entre fotografía e debuxo.
- Argumenta por que nos contos da aula non hai fotografías.
- Amosa iniciativa ante as propostas que se realizan.
- Coñece polo menos dúas fórmulas fixas de comezo de conto.
- Coñece polo menos dúas fórmulas fixas de remate de conto.
- Compara un texto informativo (nota ás familias) cun texto literario.
- Ten iniciativa para elixir unha fotografía atendendo aos seus gustos.
- Recorda as fórmulas fixas aportadas pola súa familia.
- Identifica os adxectivos dun breve listado de palabras.

- Aporta adxectivos para aumentar o listado proposto.
- Describe ao personaxe principal da súa historia.
- Relaciona a fotografía co espazo e o tempo no que sucederá a historia.
- Identifica un conflito nos contos lidos na aula.
- A súa historia é creativa e orixinal.
- Necesita que a persoa docente guíe a súa produción con preguntas.
- Reflexiona sobre os aspectos a mellorar no seu conto.
- Propón melloras lexicais para o seu conto.
- Propón melloras de estrutura para o seu conto.
- Identifica o ordenador como procesador de textos.
- Amosa interese por empregar a cámara fotográfica.
- Propón un título coherente.
- Representa aos personaxes do conto a través do debuxo.
- Identifica a fotografía como elemento esencial na técnica do collage.
- O seu produto final está ben organizado.
- Ten interese en darlle uso social ao seu traballo.
- Escribe, atendendo ás distintas hipóteses, con iniciativa e seguridade.
- Realiza con agrado as actividades propostas.
- As súas producións son creativas e orixinais.
- Organízase para desenvolver o traballo.
- Coñece o nome das grafías dos personaxes do conto.
- Diferenza grafía de palabra.

REA 03: Proxecto Lobos

Obxectivos

Obxectivos inherentes ao desenvolvemento dun proxecto, con independencia do tema de estudo:

- Ensinarlle ao alumnado a buscar, seleccionar e organizar información sobre un tema concreto.
- Motivar ao alumnado a formularse interrogantes acerca do mundo que lle rodea.
- Escribir un breve texto expositivo sobre o tema de estudo.
- Iniciarse nos pasos para realizar unha busca de información en Internet.
- Diferenciar a función dos textos expositivos da función dos textos literarios, así como apropiarse doutras propiedades relevantes dos textos expositivos.
- Recoñecer o proceso de observación como paso previo ao proceso de creación.

Obxectivos específicos ao tema deste proxecto, os lobos:

- Comparar a morfoloxía do lobo coa humana.
- Desmitificar a idea de lobo como animal maligno.
- Evolucionar no proceso de adquisición do sistema de escritura.

Contidos

- Propiedades dos textos expositivos: función, relación co real, relación imaxe-texto.
- Diversas fontes de información (libros, internet, persoas expertas,…)
- O procesamento da información.
- Busca, selección e organización da información.
- Formulación de preguntas coherentes e oportunas.
- Morfoloxía do lobo.
- Hábitat, costumes, reprodución e organización dos lobos.
- Lendas sobre o lobo. Do mito á realidade.
- Propiedades cualitativas e cuantitativas das palabras.

Criterios de avaliación

- Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.
- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.
- Empregar e comparar magnitudes de peso e lonxitude coa finalidade de resolver problemas relacionados con situacións cotiás.
- Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes. Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.
- Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, iniciándose no uso do teclado para a codificación, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información,...
- Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.

Indicadores de avaliación derivados dos criterios

- Valora a importancia da natureza na vida dos seres vivos.
- Entende a necesidade de coidar e protexer o medio ambiente.
- Diferenza a función dos textos literarios dos expositivos.
- É capaz de nomear dúas fontes diferentes de información.
- Amosa preferencias na elección de imaxes.
- Valora a fotografía como portadora de información fronte aos debuxos.
- Iniciase no uso de instrumentos de medida convencionais (metro).
- Iniciase no uso de instrumentos de peso convencionais (báscula).
- Transfire información da linguaxe oral á plástica.
- As súas representacións gráficas evolucionan a través da observación.

- Organízase en pequeno grupo para desenvolver actividades.
- Interactúa en pequeno grupo no proceso de escritura dun texto expositivo.
- Escoita con atención lecturas de textos de diversa tipoloxía.
- Nomea as características máis relevantes na morfoloxía dos lobos.

Metodoloxía

Construtivista e fomentando a aprendizaxe significativa e funcional do alumnado.

Tense en conta o que saben as nenas e nenos e o que queren saber. É un deseño aberto que pode variar no seu desenvolvemento. Os tempos son flexibles e aproximados. Os erros valóranse como pasos necesarios na aprendizaxe. Priman os procesos sobre os resultados.

Destacar a importancia de crear un ambiente educativo onde prime a valoración positiva nas interaccións, evitando as comparacións, a desvalorización, estigmatizar ou ridiculizar.

O proxecto é un fin en si mesmo e non unha escusa para forzar a integración de contidos. Non existe unha preocupación por "cubrir" todos os contidos en cada proxecto, senón máis por desenvolver as capacidades necesarias para provocar aprendizaxes autónomas. A interrelación entre áreas dáse de modo natural e non se busca unha conexión forzada entre elas.

Papel da persoa docente:

- Canalizadora de propostas.
- Organizadora de intereses.
- Enriquecedora de puntos de vista, realizando preguntas intelixentes e oportunas.
- Prevendo recursos.
- Avaliando a súa propia actividade e os novos coñecementos

Papel do alumnado:

Axente activo: formula hipóteses sobre o mundo que lle rodea, comproba a súa veracidade en contacto con outros individuos, establecendo conclusións que se van modificando. Protagonista da súa aprendizaxe.

Relación coas competencias

A competencia fundamental que se potencia é a competencia aprender a aprender. Desenvolvendo actividades de seleccionar, contrastar e interpretar información estamos aplicando procesos

cognitivos (capacidades) de avaliación porque o alumnado ten que xulgar.

Desenvolvendo actividades de transferir a información da linguaxe escrita ao debuxo estamos aplicando procesos cognitivos de aplicación porque o alumnado ten que utilizar o aprendido en situacións novas.

Desenvolvendo actividades de organización da información: recoñecendo, nomeando e reproducindo, estamos aplicando procesos cognitivos de coñecemento porque o alumnado ten que recordar feitos.

Educación en valores

O valor fundamental asociado a este proxecto é de educación medioambiental.

Propiedades máis relevantes do texto expositivo

- **Función**: Adquirir coñecementos específicos sobre un ámbito ou tema. Transmitir un saber social logrando que a persoa destinataria comprenda.
- **Léxico**: Particular e específico dun tema. Require comprensión (hai que axustar as estratexias lectoras a cada tipo de texto, por ex. busca de palabras descoñecidas): manada, lobato, lobezno, aullido, macho alfa,…
- **Estrutura**: Determínaa a persoa autora e é moi útil coñecela antes de ler o texto. O índice da unha categorización das ideas que a persoa autora formula e é importante coñecelas. Isto é tamén unha estratexia para deducir a importancia que lle da a certos temas. Pode adoptar formas variadas: descritiva, comparativa, causa-efecto,…
- **Tipografía e formato**: Serven para guiar a atención de quen le (capítulos, índices, títulos, …) Hai que ensinar a empregalos, xa que remarcan as partes de maior relevancia. Posibilitan unha visión superficial anticipan información, (estratexias para resaltar información: negrita, cursiva, comillas,…)
- **Modo de lectura**: Ler para aprender. Lectura lenta, repetida para profundar en determinadas ideas. Require do uso de esquemas, consultar índices, resumir, saltar un parágrafo a veces, reler,… para mellorar a comprensión e transformar o aprendido.
- **Relación co real**: moi alta, a información ten que estar contrastada e ser certa.
- **Uso posterior á lectura**: Gardalo e volver a consultalo.
- **Título**: Anticipador, tamén ten subtítulos.
- **Relación imaxe-texto:** É alta, fotos, esquemas, táboas de datos,…

- **Soporte**: Enciclopedias, revistas especializadas, libros de texto, monografías,…

Bibliografía sobre proxectos

- Hernández, F. e Ventura, M. (1994): La organización del currículum por proyectos de trabajo. Graó.
- Díez Navarro, C. (1998): La oreja verde de la escuela. Edicciones de la Torre. Madrid.
- Arias Correa, A. e Rial Fernández, D. (1996): Traballar por proxectos nas aulas de infantil e primaria. Xerais. Vigo.
- Arias Correa, A. e outros (2009): O traballo por proxectos en infantil, primaria e secundaria. Xunta de Galicia.

REA 04: Proxecto Tiburóns

Obxectivos

- Ensinarlle ao alumnado a buscar, seleccionar e organizar información sobre un tema concreto.
- Motivar ao alumnado a plantexarse interrogantes acerca do mundo que lle rodea.
- Escribir un breve texto expositivo sobre os tiburóns.
- Estudar as características máis salientables de cinco clases de tiburón: marraxo (marrajo), melgacho (pintarroja), martelo (martillo), raposo (zorro) e branco (blanco).
- Iniciarse nos pasos para realizar unha búsqueda de información en Internet.
- Diferenciar a función dos textos expositivos da función dos textos literarios, así como apropiarse doutras propiedades relevantes dos textos expositivos.
- Recoñecer o proceso de observación como paso previo ao proceso de creación.
- Comparar a morfoloxía do tiburón coa humana.
- Diferenciar animais domésticos de salvaxes.
- Evolucionar no proceso de adquisición do sistema de escritura.
- Transformar a información da linguaxe escrita e oral á linguaxe plástica.
- Editar un dossier informativo sobre os tiburóns para darlle uso social.

Contidos

- Achegamento ás propiedades dos textos expositivos: función, relación co real, relación imaxe-texto, léxico, tipografía, modo de lectura.
- Identificación de diversas fontes de información (libros, internet, persoas expertas,…)
- Selección da información.
- Procesamento da información.
- Coñecemento da morfoloxía do tiburón.
- Investigación sobre hábitat, costumes, reprodución e organización dos tiburóns.
- Análise de lendas e películas sobre os tiburóns. Do mito á realidade.

- Enumeración de características dos animais salvaxes. Voracidade.
- Aplicación de propiedades cualitativas e cuantitativas das palabras.
- Reflexión sobre a información aportada polas imaxes (fundamentalmente fotografías).
- Transformación da información ao debuxo.
- Valoración do traballo realizado a través da edición dun dossier informativo.

Actividades

- Debuxo recollida das ideas previas. Para poder realizar aprendizaxes significativas é fundamental coñecer as ideas previas do alumnado acerca do tema de estudio. Son dous os procesos que permiten coñecelas: a través dun debuxo ou a través dunha conversa ao mesmo tempo que se abre o panel que recollerá a guía do proxecto. Que sabemos?, introdúcese deste xeito un texto enumerativo.
- Petición de colaboración ás familias. Elaboraremos unha nota solicitando a colaboración das familias aportando material bibliográfico. A redacción desta nota en gran grupo permítenos introducir un texto informativo e reflexionar acerca dalgunhas das súas propiedades: Relación co real, relación imaxe-texto, función, léxico. Esta nota redáctase en gran grupo e é a persoa docente a encargada de escribila en presenza do alumnado (taboleiro, PDI,..) guiándoo a través das súas preguntas na reflexión sobre as propiedades deste texto. É interesante tamén delegar nas nenas e nenos a solicitude de colaboración nun exercicio de responsabilidade e autonomía, que sexan quen de levar unha mensaxe da escola á casa e viceversa. Accederemos á biblioteca do centro escolar para revisar os fondos e localizar bibliografía sobre o tema. Poñerémonos en contacto coas bibliotecas públicas (Anxel Casal) para solicitar o empréstamo de material bibliográfico de interese.
- Panel do proxecto. Este panel recolle as ideas previas (Que sabemos?), cara a onde imos orientar a nosa busca de información (Que queremos saber?) e as posibles fontes de información que podemos empregar (Onde buscamos información). Cada apartado realízase en sesións diferentes. É necesario un lapsus temporal entre a recollida de ideas previas e os interrogantes acerca do tema de estudo para que non se confundan. Debe estar presente ao longo do desenvolvemento do proxecto nun lugar visible e accesible da aula.
- Lectura de textos expositivos acerca dos tiburóns. Negociaremos co alumnado o procedemento para realizar as lecturas da información aportada (gran grupo e pequeno

grupo) e a elaboración dos textos expositivos. Algúns dos libros serán dixitalizados para poder realizar lecturas en gran grupo e guiar ao alumnado na reflexión acerca dalgunhas propiedades destes textos: a función como transmisores de información veraz, mellor calidade cando as imaxes son fotografías, ausencia de imaxes en moitos deles, información contrastada en distintas fontes, presenza de gráficos e mapas…

- Colocar tarxetas referidas á morfoloxía do tiburón na parte correspondente. Empregamos unha imaxe do tiburón "Marrajo" para estudar a morfoloxía dos tiburóns en xeral (na maioría dos libros que visualizamos emprégase como modelo. Realizamos, por parellas, unha actividade de lectura na que as nenas e nenos comparaban tarxetas das partes dun tiburón atendendo ás súas propiedades cualitativas (por que letra empeza, por cal remata) e cuantitativas (cantas ten, é longa, é curta) das palabras
- Escritura libre atendendo ás distintas etapas no proceso de adquisición da lingua escrita desas palabras.
- Elaboración do panel informativo de cada tiburón. Acordamos estudar con máis profundidade 5 clases de tiburóns: Marraxo (marrajo), melgacho (pintarroja), martelo (martelo), raposo (zorro) e branco (branco). Para cada un destes tiburóns elaboramos un panel que recollía información acerca dalgunha característica peculiar da morfoloxía, o seu tamaño, a súa alimentación, a súa perigosidade, a súa reprodución e o seu hábitat.
- Unidades de medida convencionais e non convencionais. Un dos datos importantes acerca de cada tiburón é o seu tamaño. Para poder interpretar as medidas reais de cada especie empregamos medidas convencionais (metros con diferente soporte e cinta métrica) e medidas non convencionais (o seu propio corpo). Representamos no espazo da aula as medidas reais coas dúas unidades de medida. Realizamos tamén cálculo por estimación acerca de cal sería a medida de cada tiburón.
- Debuxo individual da morfoloxía de cada tipo de tiburón. De xeito individual, cada nena e neno, realizou un debuxo reflectindo as características e peculiaridades morfolóxicas dos cinco tiburóns estudados en profundidade: o ollo prominente no marraxo, a cabeza peculiar no martelo, a aleta caudal do raposo, o tamaño do melgacho, a boca do branco,...Estes debuxos formaron parte dos dosieres individuais do alumnado.
- Coloreado atendendo ás súas características. Cada nena e neno coloreou as producións da actividade anterior atendendo ás fotografías visualizadas na aula de cada tiburón para qu se asemellasen o máis posible á realidade.

- Debuxo representativo das características de cada tiburón. Acordamos editar un libro para cada tiburón dos seleccionados para seu estudo. Este sería un texto expositivo, con información veraz, síntese dos nosos coñecementos sobre ese animal froito da información lida e os vídeos visualizados. As imaxes que acompañarían ese texto foron unha combinación de debuxos realizados polo alumnado e fotografías sendo coñecedores de que canto máis real a imaxe máis información aporta. Para cada clase de tiburón os grupos mantivéronse pero foron rotando as características que tiñan que representar.
- Organizados en pequeno grupo cada un era o encargado de transferir á linguaxe plástica unha información concreta, referida aos ámbitos que abordamos de cada tiburón e que recollemos nun mapa conceptual. Resulta fundamental destacar que o alumnado non tiña un modelo polo que copiar, as producións son froito do seu coñecemento e da súa capacidade de representación.
- Colocar tarxetas referidas ás distintas clases de tiburón en cada un. Esta é unha actividade de lectura na que novamente o alumnado, reflexionando sobre propiedades cualitativas (por cal empeza?, por cal termina?) e cuantitativas das palabras (cantas ten?, é longa?, é curta?) intentaba asinar a cada tiburón a tarxeta correspondente.
- Escritura libre, atendendo ás distintas hipóteses, desas palabras. Si a actividade anterior era de lectura, esta é de escritura. Empregando a mesma imaxe na que colocaron as tarxetas correspondentes agora escribiron, atendendo ás diferentes etapas no proceso de adquisición da lingua escrita, o nome de cada tiburón.
- A escritura libre non responde a un proceso de copia. Este alumnado, de 6º curso de educación infantil, xa escribe con hipóteses moi evolucionadas pero ao ser propostas abertas permiten ser abordadas desde diferente nivel de dificultade e diferente nivel de competencia lectora e escritora.
- Análise das cualidades dos tiburóns de xoguete traídos á aula. Un xoguete non se pode considerar unha fonte fiable de información pero ante o interese que despertou o tema de estudo entre o alumnado e a cantidade de tiburóns que trouxeron decidimos aproveitar este material para reflexionar sobre a súa morfoloxía. Había exemplares moi fieis ás características reais pero outros carecían das aletas anal e pelviana fundamentalmente.
- Composición con letras móbiles dos nomes das clases de tiburón estudadas. Para axudar ao alumnado a evolucionar de hipótese as letras móbiles son o recurso fundamental. Permiten abordar a mesma tarefa desde diferente nivel de dificultade: con tarxeta modelo, sen modelo, con máis letras das que preciso, formando palabras novas con esas letras,...O

requisito imprescindible é que esas palabras sexan significativas para o alumnado. Esta proposta desenvolveuse co nome dos cinco tiburóns estudados: marrajo, pintarroja, zorro, martelo e branco.

- Escritura colectiva dun texto acerca das características xerais que comparten todos os tiburóns. Paralelamente aos dosieres sobre cada tiburón estudado recollemos información xeral referida a todos eles en xeral. Este texto expositivo é unha síntese dos coñecementos do alumnado sobre estes animais e escribiuse para formar parte do libro de información xeral sobre tiburóns que tamén pasou á biblioteca de aula.
- Mapa conceptual. O mapa conceptual do proxecto foi unha das últimas actividades. Dada a idade do alumnado resultáballe moi difícil a categorización dos contidos que íamos incorporando, telo realizado despois de rematar o estudo e da preparación do dosier de cada tiburón axudoulles a ver a relación que houbo entre as categorías que reflectimos en todos eles e a súa síntese.
- Debuxo libre sobre tiburóns. Reflicten os seus coñecementos sobre a morfoloxía e características dos tiburóns e amosan cal dos estudados provocou máis impacto ou empatía en cada neno e nena. A realización de proxectos desenvolve dun xeito lóxico e natural a capacidade de observación do alumnado ao traballar con imaxes reais e fotografías e textos de calidade.
- Responder ás preguntas que abriron o proxecto. A última actividade desta fase foi unha reflexión sobre o que aprendemos ao longo do desenvolvemento do proxecto. Retomamos as preguntas que nos formulamos no inicio, revisamos cales engadimos (a medida que ampliábamos coñecementos xurdían novas cuestións) e comprobamos para cales tiñamos resposta e cales quedaron sin ela, por exemplo descubrir si as femias poden morrer no parto. Non pretendemos tampouco ser capaces de responder a todo, o saber é inabarcable e resulta moi interesante deixar a inquedanza de saber algo máis.
- Maquetación dos dosieres de aula

Criterios de avaliación

- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.
- Empregar e comparar magnitudes de lonxitude coa finalidade de resolver problemas relacionados con situacións cotiás.

- Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes. Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.
- Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, iniciándose no uso do teclado para a codificación, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información,...
- Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e goce.
- Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.

Indicadores de avaliación derivados dos criterios.

- Diferenza a función dos textos literarios dos expositivos.
- É capaz de nomear dúas fontes diferentes de información.
- Propón interrogantes acerca dos tiburóns.
- Amosa preferencias na elección de imaxes.
- Nomea as características máis relevantes na morfoloxía dos tiburóns.
- Valora a fotografía como portadora de información fronte a un debuxo.
- Iniciase no uso de instrumentos de medida convencionais (metro).
- Iníciase no uso de instrumentos de medida non convencionais (corpo).
- Transfire información da linguaxe oral á plástica.
- Organízase en pequeno grupo para desenvolver actividades.
- Interactúa en pequeno grupo no proceso de escritura dun texto expositivo.
- Interactúa en pequeno grupo na transformación de información en debuxo.

- Escoita con atención cando se len textos expositivos sobre os tiburóns.
- Transmite información da escola á casa e da casa á escola.
- Realiza debuxos de tiburóns reflexando a información lida.
- Diferencia palabras atendendo a propiedades cualitativas.
- Diferencia palabras atendendo a propiedades cuantitativas.
- Pode nomear dúas características dos tiburóns.
- Organízase en parella cunha actitude activa.
- Amosa interese por visualizar os dosieres elaborados.

Metodoloxía

Construtivista e fomentando a aprendizaxe significativa e funcional do alumnado.

Tense en conta o que saben as nenas e nenos e o que queren saber. É un deseño aberto que pode variar no seu desenvolvemento. Os tempos son flexibles e aproximados. Os erros valóranse como pasos necesarios na aprendizaxe. Priman os procesos sobre os resultados.

Destacar a importancia de crear un ambiente educativo onde prime a valoración positiva nas interaccións, evitando as comparacións, a desvalorización, estigmatizar ou ridiculizar.

O proxecto é un fin en si mesmo e non unha escusa para forzar a integración de contidos. Non existe unha preocupación por "cubrir" todos os contidos en cada proxecto, senón máis por desenvolver as capacidades necesarias para provocar aprendizaxes autónomas. A interrelación entre áreas dáse de modo natural e non se busca unha conexión forzada entre elas.

Papel da persoa docente:

- Canalizadora de propostas.
- Organizadora de intereses.
- Enriquecedora de puntos de vista, realizando preguntas intelixentes e oportunas.
- Prevendo recursos.
- Avaliando a súa propia actividade e os novos coñecementos

Papel do alumnado:

Axente activo: formula hipóteses sobre o mundo que lle rodea, comproba a súa veracidade en

contacto con outros individuos, establecendo conclusións que se van modificando. Protagonista da súa aprendizaxe.

Relación coas competencias

A competencia fundamental que se potenciará será a competencia aprender a aprender. Desenvolvendo actividades de seleccionar, contrastar e interpretar información estamos aplicando procesos cognitivos (capacidades) de avaliación porque o alumnado terá que xulgar.

Desenvolvendo actividades de transferir a información da linguaxe escrita ao debuxo estamos aplicando procesos cognitivos de aplicación porque o alumnado terá que utilizar o aprendido en situacións novas.

Desenvolvendo actividades de organizar a información, recoñecer, nomear e reproducir estamos aplicando procesos cognitivos de coñecemento porque o alumnado terá que recordar feitos.

Abórdase incidindo na potenciación da comprensión e da expresión lingüística, da motivación, da observación, no rexistro das aprendizaxes, posibilitando a planificación e organización das tarefas que se van realizar,…

Outras competencias, tamén fortemente representadas son a lingüística porque planificamos tempos e actividades de expresión de pensamentos, vivencias, coñecementos,…tempos para escoitar a opinión das demais persoas e contrastar ideas e opinións e, tamén de xeito planificado, lectura e escritura de textos expositivos e informativos (atendendo ás diferentes etapas no proceso de adquisición da lingua escrita).

A competencia matemática porque dun xeito contextualizado e significativo desenvólvense actividades nas que é preciso manexar instrumentos de medida, notacións numéricas, realizar estimacións, et.

A competencia dixital porque é complementaria a aprender a aprender: utilizar internet para buscar, seleccionar, contrastar,…e convertir en textos de uso social.

As descritas repercuten directamente na competencia en autonomía e iniciativa persoal porque o alumnado terá que realizar eleccións, tomar decisión, emprender accións,…

Educación en valores

O valor fundamental asociado a este proxecto é de educación medioambiental e traballo en equipo.

Propiedades máis relevantes dos textos expositivos:

- **Función**: Adquirir coñecementos específicos sobre un ámbito ou tema. Transmitir un

saber social logrando que a persoa destinataria comprenda.

- **Léxico**: Particular e específico dun tema. Require comprensión (hai que axustar as estratexias lectoras a cada tipo de texto, por ex. busca de palabras descoñecidas): manada, lobato, lobezno, aullido, macho alfa,…
- **Estrutura**: Determínaa a persoa autora e é moi útil coñecela antes de ler o texto. O índice da unha categorización das ideas que a persoa autora formula e é importante coñecelas. Isto é tamén unha estratexia para deducir a importancia que lle da a certos temas. Pode adoptar formas variadas: descritiva, comparativa, causa-efecto,…
- **Tipografía e formato**: Serven para guiar a atención de quen le (capítulos, índices, títulos, …) Hai que ensinar a empregalos, xa que remarcan as partes de maior relevancia. Posibilitan unha visión superficial anticipan información, (estratexias para resaltar información: negrita, cursiva, comillas,…)
- **Modo de lectura**: Ler para aprender. Lectura lenta, repetida para profundar en determinadas ideas. Require do uso de esquemas, consultar índices, resumir, saltar un parágrafo a veces, reler,… para mellorar a comprensión e transformar o aprendido.
- **Relación co real**: moi alta, a información ten que estar contrastada e ser certa.
- **Uso posterior á lectura**: Gardalo e volver a consultalo.
- **Título**: Anticipador, tamén ten subtítulos.
- **Relación imaxe-texto:** É alta, fotos, esquemas, táboas de datos,…
- **Soporte**: Enciclopedias, revistas especializadas, libros de texto, monografías,…

Bibliografía

- Hernández, F. e Ventura, M. (1994): La organización del currículum por proyectos de trabajo. Graó.
- Díez Navarro, C. (1998): La oreja verde de la escuela. Edicciones de la Torre. Madrid.
- Arias Correa, A. e Rial Fernández, D. (1996): Traballar por proxectos nas aulas de infantil e primaria. Xerais. Vigo.
- Arias Correa, A. e outros (2009): O traballo por proxectos en infantil, primaria e secundaria. Xunta de Galicia.

REA 05: Correspondencia interescolar.

Obxectivos didácticos

- Coñecer as propiedades máis relevantes dun texto informativo de uso social: carta
- Recoñecer datos: destinatario, data e remitente
- Identificar o tipo de carta atendendo á forma e á mensaxe (persoal, comercial, oficial, informativa, de petición...)
- Valorar a utilidade de servizos públicos como Correos.
- Reflexionar sobre as fortalezas do correo ordinario fronte ao correo dixital.
- Desfrutar do compoñente emocional que deriva do intercambio postal informal.

Contidos

- Coñecemento de textos comunicativos formais e informais.
- Fórmulas fixas: comenzo e peche, data e sinatura.
- Léxico: variable segundo a quen vai dirixida (linguaxe coloquial, formal). Hai primacía da forma sobre o fondo do contido.
- Formato e estrutura do texto: a estrutura diferénciase por bloques separados por puntos e aparte.
    - Saúdo, presentación
    - Nó, desenvolvemento
    - Despedida
    - Posdata (opcional)
- Modo de lectura: variable segundo quen sexa o remitente. Oficiais (selectiva, e/ou coloquiais (reiterativa).
- Tipo de letra: segundo o tipo de soporte.
- Soporte: postal, correo electrónico, telegrama, carta, mensaxes de móbil, felicitación, invitacións, fax. Escrita en folio ou no sobre. A letra debe ser clara e lexible, tanto a dirección do destinatario, do remitente, a posición e a distribución dos datos.

- Propiedades: cuantitativas (cantidade de letras que conteñen as palabras) e cualitativas (cales son as letras da palabra).
- Puntuación punto, dous puntos, punto e coma; exclamacións e interrogacións.
- Identificación de Correos como servizo de utilidade pública.
- Uso da carta como vehículo de expresión emocional.

Xustificación curricular

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b d e	B1.7. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.	B1.7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	LGB1.7.1. Amosa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	CCL CAA CSIEE

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e	B2.5. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	B2.3. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.	LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos.	CCL CAA CSC CSIEE CMCT
b e i j	B2.9. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias, de regulación da convivencia e de lecer.	B2.6. Amosar interese polos textos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.	LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.	CCL CD CSIEE

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a b e i	B3.1. Produción e reescritura de textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.	B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.	LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións,felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.	CCL CAA CSC
a b e	B3.3. Composición de textos sinxelos relacionados coa escola para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, listaxes, descricións, explicacións elementais).		LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.	CCL CAA CSC
a b e m	B3.4. Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto.		LGB3.1.3. Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación.	CCL CSC CAA CSIEE
a b e m o	B3.5. Utilización de xeito guiado de estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).		LGB3.1.5. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descricións e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia.	CCL CSIEE CAA
b e i j	B3.8. Utilización de elementos gráficos e sinxelos como a ilustración para facilitar a comprensión.	B3.4. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.	LGB3.4.1. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.	CCL CD CSIEE
a b e i	B3.9. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.	B3.5. Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	LGB3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica. LGB3.5.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	CCL CD CAA

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e		B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.	CCL CAA
e	B4.2. Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.		LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.	CCL CAA
b e	B4.3. Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.	B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.	LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas.	CCL CSC CCEC
e	B4.5. Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura.	B4.3. Recoñecer a relación entre o son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	LGB4.3.2. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	CCL CAA

Actividades

- Presentación e lectura de modelos (cartas, postais..)
- Análise das propiedades de diferentes tipos de cartas recibidas na casa e na escola (cartas do banco, postais, cartas persoais)
- Diferenciar entre distintos tipos de correspondencia.
- Escritura dun primeiro borrador de carta persoal.
- Revisión do borrador inicial.
- Redacción do texto final.
- Análise das características e datos dun sobre.
- Visita a unha oficina de Correos.
- Envío dos textos elaborados.

Avaliación

A continuación ofrecemos a rúbrica completa que se ven utilizando ao longo de toda esta secuencia. Esta é unha ferramenta máis que propoñemos ao profesorado que vaia a implementar esta proposta pero non debe ser a única. Ao mesmo temo facemos unha chamamento á dignificación da profesionalidade docente facendo nosas as palabras de José Gimeno Sacristán cando di que "mentres avaliamos non ensinamos" situando os obxectivos da avaliación por enriba dos propios obxectivos educativos. A avaliación dun xeito equilibrado no lugar que lle corresponde dentro dos procesos de ensino e aprendizaxe.

"*En la evaluación de los procesos de enseñanza-aprendizaje, lo exigido al alumnado acaba concretando lo que nos importa más conseguir y, así, en las políticas educativas nos pasaría lo mismo: que acaban reduciendo la educación a lo que exigen en la evaluación del sistema. La evaluación se convierte de esa forma en la manera directa de intervenir en la mejora de la calidad y, de paso, hace de ella el instrumento para hacer política educativa. Las razones para evaluar parecen agotar lo que son las razones para educar. Esta es una de las explicaciones del auge de las evaluaciones externas: suplen a otras políticas de control del conocimiento (del currículo), de la innovación y de la formación del profesorado, al convertirse en toda una pedagogía*."

José Gimeno Sacristán

CRITERIOS	3	2	1	PUNTUACIÓN
Formato	Diferéncianse claramente as diferentes partes dunha carta.	Algunhas partes da carta non están ben diferenciadas.	Non se diferencia as partes da carta.	
Contido	A mensaxe é coherente e apropiada para o propósito da carta.	A mensaxe fáltalle coherencia, respecto do propósito da carta.	A mensaxe non é coherente con respecto ao propósito da carta.	
Vocabulario	Utiliza vocabulario amplo sen repetir palabras.	Repite algunhas palabras.	Vocabulario limitado e repetido.	
Creatividade	Inclúe varios elementos que diferencia a carta das demais.	Inclúe algún elemento que diferencia a carta das demais.	A carta non contén elementos diferenciadores.	
Ortografía	A escritura das palabras é correcta.	Presenta algún erro ortográfico.	Presente multitude de erros ortográficos, algúns asociados á separación de palabras.	
Uso social	Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas.	Valora de xeito limitado a lingua escrita como medio de comunicación e expresión e presta pouca atención ás normas de presentación establecidas.	Non valora a lingua escrita como medio de comunicación nin atende ás normas básicas de presentación establecidas.	
TOTAL				

Bibliografía

- El aprendizaje del lenguaje escrito en infantil. Colegio público "Juan Bautista Irurzun" de Peralta [Internet]. [citado 10 de julio de 2017]. Dispoñible en: http://dpto.educacion.navarra.es/publicaciones/pdf/aprendizajelenguaje.pdf
- La Carta Personal Y Sus Partes.” Accessed November 18, 2014. http://www.portaleducativo.net/pais/es/cuarto-basico/658/La-carta-personal-y-sus-partes.
- La Carta Formal E Informal | EducacióNyLibertaD.” Accessed November 18, 2014. http://elizabethespinozag.blog.com/2011/06/11/la-carta-formal-e-informal-2/
- RÚBRICA PARA EVALUAR PRODUCCIÓN DE UNA CARTA [Internet]. Scribd. [citado 11 de julio de 2017]. Disponible en: https://www.scribd.com/doc/114235539/RUBRICA-PARA-EVALUAR-PRODUCCION-DE-UNA-CARTA
- Varios. La composición escrita (de 3 a 16 años). Claves para la Innovación educativa 28. Editorial Graó. Disponible en: http://www.grao.com/llibres/la-composicion-escrita-de-3-a-16-anos